

**CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SUBMINISTRO PARA A INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA DE AUTOCONSUMO INSTANTÁNEO NA ESTACIÓN DE TRATAMENTO DE AUGA POTABLE DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS.**

**PROCEDIMENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN, TRAMITACIÓN URGENTE.**

**ORZAMENTO BASE: 99.096,06 €; IVE: 20.810,17 €; TOTAL: 119.906,23 €**

### **PROVIDENCIA DA PRESIDENCIA**

Vista a Orde do 19 de decembro de 2019 pola que se establecen os criterios de repartición e se establecen as base reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Vista a Resolución, con data de 22 de xuño de 2020, da secretaria xeral técnica, por suplencia da persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local pola que se acorda conceder á Mancomunidad do Salnés unha subvención para o proxecto denominado: “SALNES MEDIOAMBIENTAL VIII: instalación solar fotovoltaica de autoconsumo instantáneo na estación de tratamento”, por importe de 83.934,36 € (IVE incluído) sobre un investimento de 119.906,23 €, dos cales 35.971,87 € son financiados pola Mancomunidad do Salnés.

Vista a necesidade de levar a cabo a contratación da subministración de módulos fotovoltaicos e a correspondente estrutura para a instalación solar fotovoltaica de autoconsumo instantáneo na estación de tratamento de auga potable da Mancomunidad do Salnés.

Por todo isto, **DISPOÑO:**

#### **PRIMEIRO.-**

Ordenar a incoación de expediente de contratación do subministro, por procedemento aberto, para a instalación solar fotovoltaica de autoconsumo instantáneo na estación de tratamento de auga potable da Mancomunidad do Salnés.

O obxecto do contrato non se pode dividir por lotes polo carácter tecnolóxico e especializado da acción e, a realización das actuacións, deberán estar xustificadas antes do 31 de outubro do 2020.

#### **SEGUNDO.-**

Que a intervención emita un informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente para os

efectos de determinar o órgano competente para contratar, así como a aplicación presupostaria.

### **TERCEIRO.-**

Que a secretaría emita un informe sobre a lexislación aplicable e sobre o procedemento que hai que seguir, así como a redacción do prego de cláusulas administrativas particulares.

Á vista das características e do importe do contrato propónse a adxudicación mediante procedemento aberto de subministros, de conformidade co previsto no artigo 156 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Cambados, á data da sinatura electrónica.

A PRESIDENTA,  
Marta Giráldez Barral.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

